

PONTEAREAS ORGULLOSA

O CIM de Ponteareas quere que o traballo que desenvolve teña en conta a todas as persoas interesadas.

Para promover actividades relacionadas co colectivo LGBTQI+ lanzouse unha enquisa en liña que se publicitou a través das RRSS de varios servizos municipais, na web do Concello e a través dos grupos de difusión de Mocidade Viva e do voluntariado ambiental.


Estivo dispoñible desde o 1 ao 25 de setembro de 2020.



O 85,86 % son de Ponteareas



O 38,5 % forman parte do colectivo LGBTQI+



A difusión directa a través do servizo municipal de voluntariado, a mocidade implicada en temas sociais, percíbese no perfil das persoas que contestaron:

- 3 menores de 16
- **43 de 16-25 (46,7 %)**
- 21 de entre 26-35
- 17 de entre 36-50
- e 8 maiores de 51.




68 (73,91%) persoas especificaron os seus motivos para participar, que podemos resumir en que:

- se trata dunha cuestión importante
- hai falta de visibilidade do colectivo e necesidade de actividades específicas en Ponteareas
- apoio
- ser parte do colectivo LGBTQI+
- e interese en participar nas políticas públicas que se levan a cabo en Ponteareas




89 persoas valoraron as accións municipais neste eido. O 40,44% suspenden o labor municipal, o 42,7% danlle un aprobado e 15 persoas entre un 4 e un 5, que era a puntuación máxima. Máis da metade, o 54,30% (50 persoas), non coñecían o CIM de Ponteareas e só 11 sabían que este servizo tamén atende e desenvolve actividades relacionadas co colectivo LGBTQI+ . 19 persoas recoñeceron a campaña dos últimos dous anos, Ponteareas Orgullosa, que promoveu e elaborou o CIM.


Ofrecíanse seis liñas de traballo para sinalar todas aquelas que resultaran de interese. As catro máis destacadas ou urxentes son:




Sensibilización



Visibilidade



Formación



Apoio ao labor de colectivos



O 58,2 % tamén sinalou a atención e o 49,5 % a denuncia. Nas 26 propostas de accións concretas destacan actividades de formación e sensibilización, actos de visibilidade, celebración da diversidade e traballo de apoio.